

# Galiciae

# Galiciae

LITERATURA

## Bernardo Atxaga, Escritor Galego Universal

---

*Etiquetas: Escritor Galego Universal, AELG, Bernardo Atxaga*

*Galiciaé LV / Axencias.* O consello directivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) acordou nomear Escritor Galego Universal ao autor vasco Bernardo Atxaga.

Este recoñecemento susténtase "en sólidos argumentos", informa a AELG nun comunicado.

Desta forma, de Atxaga destaca a AELG "o seu compromiso ético coas causas da dignidade e en concreto do pobo vasco, e por ser creador dunha extensa e intensa obra na que o eúscaro é ferramenta de expresión da cultura de Euskal Herria e ocupa un lugar de centralidade".

Con este nomeamento, Bernardo Atxaga súmase á lista de Escritores Galegos Universais conformada por Mahmoud Darwish, Pepetela, Nancy Morejón, Elena Poniatowska, Juan Gelman, Antonio Gamoneda, José Luis Sampedro e Lidia Jorge.

Licenciado en Ciencias Económicas e en Filosofía e Letras, Bernardo Atxaga é membro de pleno dereito da Real Academia da Lingua Vasca desde 2006, e en novembro de 2010 tamén foi nomeado membro da Academia das Ciencias, das Artes e das Letras.

A súa obra abarca conto, novela, poesía e ensaio, e foi escrita e publicada integramente en eúscaro e traducida a outras moitas linguas.

02/12/2013